

## O TEMPO ATMOSFÉRICO E O CLIMA

O CLIMA: É o estado atmosférico dun lugar ó longo das estacións ou durante anos e décadas

O TEMPO ATMOSFÉRICO: é o estado da atmosfera dun lugar nun momento dado ou períodos de tempo moi curtos ( un día ou unha semana).

### ELEMENTOS DO CLIMA

- Temperatura: Cantidad de calor que hai no aire. (Termómetro, °C)
- Presión atmosférica: O peso que exerce a masa de aire sobre un punto da Terra. (Barómetro, milibares)
- Humidade do aire: Cantidad de vapor de auga que hai no aire (Higrómetro)
- Vento: Corrente de aire na atmosfera (Anemómetro, a dirección indícaa o viraventos).
- Precipitacións: Chuvias (Pluviómetro, milímetros)

### FACTORES CLIMÁTICOS

Hai unha serie de características que inflúen nos elementos do clima, e que fan que os climas estén repartidos ao longo da Terra, que son os factores climáticos:

-A LATITUDE: É a distancia ao ecuador. Canto máis preto deste máis cálido será o clima.

-A ALTITUDE: Altura sobre o nivel do mar, distancia respecto ao mar. En xeral a temperatura descende 1°C cada 150m de altitude, por iso as zonas montañosas teñen climas máis fríos.

-INFLUENCIA DO MAR: o mar quéntase e arrefríase máis lentamente que a terra. Temperaturas na costa máis suaves e no interior, no verán fai máis calor e no inverno máis frío.

-O RELEVO: as montañas frean os ventos e impiden o paso das nubes, ao chocar estas contra as montañas provocan precipitacións orográficas

-OUTRAS: a vexetación, circulación das masas de aire na atmosfera e as correntes mariñas, tamén inflúen no clima.

### OS CLIMOGRAMAS

- Son uns gráficos nos que se representan as temperaturas e precipitacións dun lugar determinado ao longo DO ANO.

#### Como elaboramos un climograma?

1º: Táboa coas precipitacións e temperaturas medias dos 12 meses ( do ano).

2º: Nun papel milimetrado colocamos un eixe horizontal poñendo as iniciais dos meses do ano ( deixando a mesma distancia entre un mjes e outro).

3º: Nos extremos do eixe horizontal colocamos un eixe vertical.

Extremo dereito: indicamos as precipitacións, con barras de cor azul e de 10 en 10 mm.

Extremo esquerdo: indicamos as temperaturas, con puntos de cor vermella, dende os 0º de 5 en 5°C.( finalmente hai que unir os puntos).

## Como interpretamos un climograma?

### ANALIZAMOS AS PRECIPITACIÓNS:

#### A) Cantidade total de auga caída, poderá ser:

- Moi abundantes: + de 1000mm
- Abundantes: entre 800 e 1000 mm
- Escasas: entre 300-800 mm
- Moi escasas: entre 150-300 mm
- Desértico: menos de 150 mm

#### B) En que épocas/ meses se producen as precipitacións

- Non hai meses secos: precipitacións regulares
- Dous meses secos: Bastante regulares
- Máis de 2 meses secos: irregulares

### ANALIZAMOS AS TEMPERATURAS

#### -Temperatura media anual


**-Amplitude térmica: diferenza entre o mes máis cálido e o máis frío. ( tª mes cálido- tª mes frío):**

- Amplitude térmica moi baixa: menos de 8°C
- Amplitude térmica baixa: entre 9 e 12°C
- Amplitude térmica media: entre 12 e 16°C
- Amplitude térmica alta: entre 16 e 18°C
- Amplitude térmica moi alta: máis de 18°C

**-Temperaturas máximas e mínimas: mes de máis calor e menos calor.**

### AS GRANDES ZONAS CLIMÁTICAS DA TERRA

- **CLIMAS CÁLIDOS:** Trópico de Cáncer e Capricornio. Temperaturas moi cálidas superiores aos 18°C.
- **CLIMAS TEMPERADOS:** Entre os trópicos ata os círculos polares.
- **CLIMAS FRÍOS:** Dende os círculos polares ata os polos. Temperaturas moi baixas, a penas existe o verán.



## O CLIMA DE ESPAÑA

CLIMA OCEÁNICO/ATLÁNTICO: Asturias, Cantabria, País Vasco

CLIMA CONTINENTAL: dúas submesetas, depresión do ebro e Guadalquivir

CLIMA MEDITERRÁNEO: Baleares, Ceuta e Melilla

CLIMA SUBTROPICAL: Illas Canarias

CLIMA DE MONTAÑA: zonas montañosas




| TIPO DE CLIMA | TEMPERATURAS  | PRECIPITACIÓNS   | VEXETACIÓN                  |
|---------------|---|--|-----------------------------|
| OCEÁNICO      | Suaves durante todo o ano<br>( entre 12 e 20°C)   | Abundantes<br>( máis de 1100l/m2)                        | Abundante e variada         |
| CONTINENTAL   | Extremas, moi frías no inverno, moi quentes no verán<br>( 3°C no inverno e 23°C no verán) | Escasas  | Escasa e variada            |
| MEDITERRÁNEO  | Temperaturas altas<br>Invernos suaves (12°C)<br>Veráns calurosos ( 27°C)                  | Escasas e irregulares<br>Nopn adoitan superar os 600l/m2 | Adaptada a calor e a sequía |
| SUBTROPICAL   | Altas todo o ano<br>( entre 18 e 24°C)  | Moi escasas  | Autóctona                   |
| DE MONTAÑA    | Frescas no verán<br>moi frías no inverno ( sempre baixo cero)                             | Abundantes   | Variada                     |

## O CLIMA DE GALICIA

CLIMA OCEÁNICO LITORAL

CLIMA OCEÁNICO DE MONTAÑA

CLIMA OCEÁNICO INTERIOR



| <b>TIPO DE CLIMA</b>             | <b>TEMPERATURAS</b>                    | <b>PRECIPITACIÓNS</b>                  | <b>VEXETACIÓN</b>  |
|----------------------------------|--|--|--|
| <b>CLIMA OCEÁNICO LITORAL</b>    | Suaves toido o ano.                    | Abundantes todo o ano.                 | Árbores con folla caduca.                                      |
| <b>CLIMA OCEÁNICO DE MONTAÑA</b> | Frías no inverno suaves no verán       | Abundantes durante CASE todo o ano.    | Mestura de bosque atlántico e mediterráneo.                    |
| <b>CLIMA OCEÁNICO INTERIOR</b>   | Frías no inverno , calurosas no verán. | -Menos abundantes que no clima litoral | -Árbores común ( carballos, castiñeiros, loureiros, piñeiros). |